

## **DANZA**

Pasei pola túa porta  
mirei para dentro e vin (e)  
un letreiro que dicía  
eu para ti non nacín (e)  
E anda, que eu xa non te  
quero  
e porque xa non vales nada  
e anda  
que eu xa non te quero e  
porque  
non me da a ghana e anda.  
Eu como sabía ler(e)  
saquei un e puxen outro:  
ti para min non naciches  
E eu para ti tampouco.

## **RETROUSO**

Pos o sombreiro de lado  
pra que se che vexa o pelo  
nin has de ser mellor mozo  
nin has de casar primeiro.

## **RETROUSO**

Voume indo, voume indo  
non mires máis para min (e)  
coa axuda dos teus enredos  
o meu tempiño perdín (e)

## **RETROUSO**

## **MUIÑEIRA**

Vouvos a contar un conto  
que aconteceu o outro día  
dunha rapaza de Vigo  
que se mexou no tranvía.  
Que tro, que troule ,troule  
,troule  
Que tro, que troule no  
tranvía que tra  
Que troule troule troule que  
tro  
Me tienes aburría Soleá.  
Ía sentada no asento  
coa cabeza revirada  
e apretaba as dúas pernas  
para que non se lle notara  
**RETROUSO**  
A culpa non foi da moza  
que che foi do revisor  
por non lle tocar o pito  
ao cabrón do condutor  
**RETROUSO**  
Miña nai cando me tivo  
tívome na carretera  
ao chegar a comadrona  
xa era eu chófer de primera.  
**RETROUSO**